

Investigación cualitativa sobre inmigración actual en Galicia: persoas, familias e proxectos migratorios.

Raúl Soutelo
ESOMI – Proyectos y Redes Migratorias
Enero de 2007

ÍNDICE do documento.

Cuestións previas.

1. A familia e os marcos sociais de orixe.

1.1. A **familia**: ciclo de vida, estratexias reprodutivas e mobilidade laboral.

1.1.1. Cuestións a investigar.

1.1.2. Preguntas posibles.

1.2. O **escenario social de orixe**: a cultura da mobilidade, as redes microsociais e os beneficiarios do fluxo migratorio.

2. A **decisión de emigrar** e os factores microsociais que influiron no deseño do proxecto migratorio e na escollo do destino.

2.1. A **mobilidade laboral** e as redes microsociais no escenario de orixe.

2.2. O deseño do proxecto migratorio: condicionantes microsociais.

2.3. A **burocracia da emigración**: autoridades administrativas que deban expedir documentación, axencias de viaxes.

3. A **inserción sociolaboral e residencial no destino**: a influencia microsocial das redes e a económica da oferta laboral no proxecto migratorio dos inmigrantes.

3.1. A inserción social das persoas inmigrantes: preguntas posibles.

3.2. O **proxecto migratorio** que desenvolven os inmigrantes.

3.3. As condicións de vida na sociedade de acollida.

4. O **retorno da inmigración en España**.

4.1. Temas posibles a investigar e perspectivas de análise.

4.2. Preguntas posibles.

5. A participación das **mulleres no proceso migratorio**.

6. Bibliografía.

7. Anexos con fichas de recollida de datos.

1. A familia e os marcos sociais de orixe.

Cuestións previas.

Para aplicar con éxito a metodoloxía da entrevista en profundidade, que nos permita reconstruír o proceso migratorio das persoas no contexto do ciclo de vida das súas familias e no espazo social no que se movan, resulta moi importante:

1. Definir e concretar claramente cales son os aspectos microsociais do feito migratorio que queremos investigar para formular as preguntas dun xeito claro e conciso. Mesmo poderíamos elaborar un cadro de dúas columnas que relacionen “o que queremos saber” con “como preguntalo”, para explicarllo dun xeito claro ás persoas que realicen as entrevistas.
2. Formar ben aos entrevistadores, se non teñen experiencia previa.
3. Que as persoas entrevistadoras coñezan os códigos culturais das persoas entrevistadas e, na medida do posible, que unha terceira persoa os presente e acredite ao entrevistador diante do entrevistado para **xerar unha relación de confianza entre eles e que se traduza nun diálogo distendido ao longo da entrevista.**
4. O proceso de construción dunha identidade identificada co país de orixe ou coa sociedade de acollida por un colectivo inmigrante ao que se refire Silverstein (2005: 8) conta con abondosa bibliografía referida aos galegos residentes en Salvador de Baía (Bacelar, 1994) e Arxentina (Núñez Seixas, 2002 e 2003) na primeira metade do século pasado. Pode resultar interesante establecer comparacións se existen semellanzas na escala da observación e nas actividades económicas que desenvolvan ambos colectivos.
5. En calquera caso, o ámbito de actuación do asociacionismo étnico dos inmigrantes, ou “lobbies en defensa dos seus intereses” (Silverstein, 2005: 8), reflicte por unha banda a escala na que negocian os seus intereses individuais, familiares e colectivos e, pola outra, o tipo de proxecto migratorio deses inmigrantes. Semella lóxico que prioricen a atención sanitaria, social e de inserción laboral para eles mesmos. Mais outras actuacións como o envío de remesas para axudar á comunidade de orixe indicarían un proxecto de retorno ou, en todo caso, a existencia de relacións fortes coas familias que permanecen alá (estou pensando

na actuación das sociedades de emigrantes galegos que financiaron a construción de centos de escolas e outras obras públicas).

6. A cuestión da escala de observación é importante, pois non podemos analizar proxectos migratorios familiares dende unha perspectiva estatal como fai Silverstein (2005: conclusións). Tomar como escala de observación o espazo social no que actúan os emigrantes, as súas familias e as redes primarias deles axuda a formular mellor as preguntas para entender os proxectos e estratexias que desenvolveron, consonte ao paradigma do transnacionalismo das migracións contemporáneas.

1.1. A familia: ciclo de vida, estratexias reprodutivas e mobilidade laboral.

1.1.1. Cuestións a investigar.

Coidamos que sería interesante:

- A) Saber se os grupos étnicos de inmigrantes que estudamos distinguen entre familia de orixe e de creación como adoitan facer antropólogos, demógrafos e historiadores da familia, para analizar a composición e coresidencia da familia migrante.
- B) Aplicar esa metodoloxía de primeira enquisa e posterior entrevista en profundidade para detectar 'casos' que merezan unha análise polo miúdo, reconstruíndo o proxecto migratorio no contexto do ciclo de vida de **familias que sexan representativas do grupo étnico migrante de referencia**.
- C) Comparar o **discurso** destes inmigrantes no destino (acá) co da sociedade de orixe cando retornan de vacacións ou definitivamente, facéndolles entrevistas en profundidade que deberán realizar persoas diferentes para ver a imaxe que elaboran da súa experiencia migratoria e da súa propia **identidade** como emigrantes.
- D) Analizar polo miúdo a relación entre **xénero e migración** a diversos niveis.
 - Relación entre posición relativa na familia, membros xa emigrados, momento do ciclo de vida desta e roles femininos no proxecto migratorio familiar.
 - Os factores que determinan a escolla do destino no caso da migración feminina: rede familiar, oferta laboral no destino, reunificación [acá podemos comparar coa emigración europea a América, na que os homes escollían destino en función da oferta laboral e as mulleres tiñan en conta outros factores como a reunificación familiar e a imaxe deses países: Cuba=prostitución >> marchaban á Argentina... e caían nas redes de prostitución das cidades do Río da Prata).
- E) **Relacionar ben os factores microsociais** (xénero, familia de orixe e rede migratoria na que actúe esta) cos **económicos** (oferta laboral no mercado de destino e coñecemento dela).
- F) Facer unha **caracterización socioprofesional clara dos emigrantes** no que atinxe ao seu **grupo de orixe**, tendo claros os criterios de clasificación socioeconómica cos que

operen ELES, sen caer na inxenuidade das clasificacións oficiais ao estilo dos “labradores” e “jornaleros” das fontes municipais galegas do século XX: ¿Que criterios empregan eles para identificar aos diversos grupos sociais e a pertenza a un ou a outro deles?: terra, gandos, negocios...

- G) Coñecer a **mobilidade laboral previa** das persoas emigrantes e as **actividades económicas que desenvolveron os seus pais e avós** axuda a coñecer o estatus da familia do emigrante na sociedade de orixe.
- H) Comparar as actividades laborais que desenvolvían na sociedade de orixe para deducir se experimentan unha mobilidade laboral e social ascendente ou descendente ao inserírense no mercado laboral da sociedade de destino [¿os inmigrantes actuais estarían experimentando un proceso inverso ao dos irlandeses e *tanos* que chegaban a Buenos Aires na segunda metade do XIX e ocupaban os chanzos intermedios do mercado laboral?].
- I) Observar se o proceso de mobilidade migratoria acelera o paso do modelo de familia extensa ao de familia nuclear e o triunfo dos valores individualistas e de competencia propios da sociedade urbana fronte á “ética de supervivencia” das sociedades rurais tradicionais [isto pode valer para as migracións en masa do XIX e primeiro terzo do XX].

1.1.2. PREGUNTAS POSIBLES.

1.1.1^a. ¿Cantas persoas formaban parte da súa familia cando Vde. emigrou?. [Pode recollese a composición por xénero, idade e dedicación profesional dos membros dese grupo doméstico coa ficha 1 do anexo].

1.1.2^a. ¿De que vivían as persoas que integraban a súa familia: que actividades económicas realizaban?, ¿posuían terras, gandos e negocios de seu, cales?. [Esta información pode recollese dun xeito sistematizado coa ficha 2 do anexo].

1.1.3^a. Que posición ocupaban na sociedade de orixe en base ás terras, gandos e negocios que posuísen ou ás actividades laborais que desenvolvesen?.

1.1.4^a. ¿Xa emigraran outras persoas da súa familia antes de que Vde. o fixese? Explique a onde marcharon, cando e que actividades laborais desenvolvían antes e despois de emigrar. [Esta información pode recollese sistematicamente nos campos que detallamos na ficha 2 do anexo].

1.1.5^a. ¿Na súa familia emigraban os homes ou as mulleres?: cales eran as razóns que o determinaban?.

1.1.6^a. ¿Que actividades económicas desempeñaban as mulleres da súa familia dentro e fóra da explotación ou do negocio familiar?. [Esta información pode recollese a través dos campos que detallamos na ficha 3 do anexo].

1.1.7^a. ¿Esos familiares que emigraron mantían o contacto telefónico ou por carta cos familiares, contábanlle das súas condicións de traballo e de vida nos países aos que marcharon?

1.1.8^a. ¿Como accedeu á información sobre as condicións de vida e as oportunidades laborais nos países que barallaba como un destino potencial?

[Trátase de saber que información posúen, a través de que medios e que valor lle dan para confirmar/desmentir a hipótese sobre a fiabilidade da información recibida a través das redes (retornados, novas dos emigrados...) e a desconfianza da información oficial dos estados receptores e expulsos ou dos intermediarios que se benefician do fluxo migratorio].

1.1.9^a. ¿Esta foi a súa primeira experiencia migratoria? En caso de non selo, explique cales foron os destinos, duración e actividades laborais que exerceu nas anteriores ocasións nas que emigrou.

1.1.10^a. ¿Deixou o seu país por motivos económicos ou tamén por motivos doutro tipo?. Especifique cales. [procurar que concreten eles eses motivos].

1.1.11^a. ¿Que coñecemento previo de España tiña Vde. antes de chegar?, ¿como conseguira esas informacións?

1.1.12^a. ¿Cambiou moito esa idea previa agora que xa coñece a realidade económica, social e laboral de Galicia?, ¿por que?

1.1.13^a. Por que escolleu Galicia como destino migratorio e non algunha das grandes cidades españolas?

1.2. O **escenario social de orixe**: a cultura da mobilidade, as redes microsociais e os beneficiarios do fluxo migratorio.

1.2.1. Consideracións previas.

Debemos determinar previamente con moita exactitude cales son os procesos ou fenómenos que nos interesa coñecer para afinar as preguntas que fagamos. Entre aqueles, resulta interesante:

- A mobilidade laboral do escenario de orixe: migracións previas de curto radio e media distancia. (Poderíamos facer unha cata documental coas fontes seriadas dos concellos de orixe en Rumanía ou Marrocos para o século XX e fontes familiares do mesmo período para algún grupo).

- A participación feminina e os factores microsociais que a condicionan: ¿A participación feminina indica proxectos migratorios de longa duración ou definitivos tamén nos grupos

inmigrantes cos que traballamos? Isto pasaba coa migración galega dos anos cincuenta. Migración familiar encadeada e diferida temporalmente en dous ou tres anos dende a chegada dos membros con máis capacidade de inserción laboral ata a daqueles outros que eran os máis dependentes do grupo doméstico.

- A migración actual dende Marrocos ou dende a Europa do Leste pode ter unha compoñente de exilio na procura de máis liberdade e, sobre todo, mellores oportunidades de vida que permita a COMPARACIÓN coa emigración española e galega a América e a Europa na segunda metade do século pasado (ver os traballos de Babiano e outros, 2002 e 2003).

1.2.2. A **mobilidade laboral** e as **redes microsociais** no escenario de orixe.

PREGUNTAS POSIBLES.

2.1.1^a. ¿Emigraron moitas persoas da súa localidade de orixe: a que cidades ou países e cando o fixeron?.

2.1.2^a. ¿Esas persoas que emigraron da súa localidade non volveron ou retornaron de vacacións ou definitivamente?.

2.1.3^a. ¿Esas persoas que emigraron na súa localidade, triunfaron e volveron con diñeiro?.

2.1.4^a. En que investiron ese diñeiro os retornados da emigración: negocios, casas coches...?

2.1.5^a. ¿Esas persoas que retornaron da emigración con éxito convertéronse nun exemplo a imitar para os veciños?, ¿por que?

2.1.6^a. ¿Na súa localidade hai persoas que se dediquen a organizar a viaxe dos que desexen emigrar? ¿Que trámites solucionan: viaxe, aloxamento e emprego no destino?.

2. A **decisión de emigrar: os factores microsociais que influíron no deseño do proxecto migratorio e na escolla do destino.**

2.1. O deseño do **proxecto migratorio**: condicionantes microsociais.

PREGUNTAS POSIBLES.

2.1.1^a. ¿Por que decidiu emigrar?

2.1.2^a. ¿Que persoas a aconsellaron, informaron e orientaron?

2.1.3^a. ¿Cales foron os países que considerou como posibles destinos?: por que?

2.1.4^a. ¿Marchou só ou en compañía doutras persoas: que relación tiñan entre vostedes?

2.1.5^a. ¿Como preparou a viaxe? ¿quen lle arranxou a documentación oficial necesaria, billetes de avión, etc?, ¿de onde sacou o diñeiro para facer a viaxe?.

2.1.6^a. ¿A que cidade chegou?

2.1.7^a. ¿Agardábano familiares, veciños ou coñecidos? ¿En que actividades traballaban e onde residían [cidade e barrio].

2.1.8^a. ¿Onde quedou a vivir Vde. os primeiros días despois de chegar? [trátase de que expliquen quen os acolleu e a relación premigratoria de tipo familiar ou veciñal que existise entre eles].

2.2. A **burocracia da emigración**: os posibles réditos das autoridades administrativas que deban expedir documentación, axencias de viaxes e intermediarios.

PREGUNTAS POSIBLES.

2.2.1^a. ¿Quen lle preparou a documentación para emigrar?

2.2.2^a. ¿Cómo conseguiu o diñeiro para poder emigrar? ¿Deixáronllo familiares e veciños que residían na localidade de orixe ou que xa estaban emigrados?

2.2.3^a. ¿Como devolveu ese diñeiro: a prazos e con intereses, en traballo para a persoa que o axudou?

2.2.4^a. ¿Que actividades ou negocios teñen as persoas que o axudaron a emigrar?

3. A **inserción sociolaboral e residencial no destino**: a influencia microsocial das redes e a económica da oferta laboral no proxecto migratorio dos inmigrantes.

3.1. A inserción social das persoas inmigrantes.

PREGUNTAS POSIBLES.

3.1.1^a. ¿Cal foi o 1º traballo que tivo en Galicia e como o conseguiu?

3.1.2^a. ¿Quen o informou ou o recomendou para ese traballo?

3.1.3^a. ¿Estaba cualificado para desempeñar ese traballo ou aprendeu a realizalo coa axuda dos compañeiros? [A formación en sucesivos empregos polos emigrantes en Arxentina e Brasil nos 1950 e 1960].

3.1.4^a. ¿Que traballos desempeñou despois? ¿Como accedeu a eles: información, posibles recomendacións? [cómpre saber se estas procederon da rede premigratoria ou das novas relacións laborais que establece o emigrante fóra daquela].

3.1.5^a. ¿Atopou traballo pronto en Galicia ou tivo dificultades para conseguilo?

3.1.6^a. ¿Que persoas o axudaron a atopar traballo: xa os coñecía antes de chegar ou coñeceunos despois de chegar? [esta pregunta permite definir a relación premigratoria ou postemigratoria].

3.2. O proxecto migratorio que desenvolven os inmigrantes.

Debemos formular as preguntas de xeito que teñamos en conta as variables de xénero, idade, tipo de migración (en rede) e a reformulación do proxecto migratorio que están a desenvolver as persoas entrevistadas, xunto co itinerario laboral que desenvolveron.

PREGUNTAS POSIBLES.

3.2.1^a. ¿Canto tempo pensaba Vde. permanecer en Galicia cando chegou?

3.2.2^a. ¿Que factores tivo en conta para escoller os traballos que desempeñou: o salario, as condicións laborais,. [hai que recoller as variantes que permitan ver a diferenza, se a hai, por xénero e situación familiar].

3.2.3^a. ¿Que traballos desenvolveu dende o comezo da súa vida laboral? [poderíamos recoller esta información nunha ficha como a que segue].

| Cadro: Vida laboral da persoa inmigrante entrevistada | | | | |
|---|-------|---------|---------|-----------|
| Oficio ou actividade | Lugar | Período | Salario | Categoría |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Fonte: Elaboración propia a partir do testemuño de....., inmigrante de orixe, residente en

3.2.4^a. ¿A que persoas reclamou Vde.: que relación familiar teñen?

| Persoas reagrupadas polo inmigrante entrevistado | | | | | |
|--|-------------------|-------|--------|--------------|--|
| Nome e apelidos | Relación familiar | Idade | Xénero | Estado Civil | Profesión ou actividades que exercían antes de emigrar |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados por, inmigrante de orixe residente en

Nota: estes reagrupamentos familiares indican o redeseño dos proxectos migratorios (definitivos ou de longa duración) das familias inmigrantes ou, simplemente, que a emigración se converteu na principal estratexia reprodutiva deles.

3.2.5^a. ¿Cando emigraron pensaban regresar ao seu país?: ¿en que prazo temporal?.

3.2.6^a. ¿Venderon as propiedades (casas, terras de cultivo, gando) que deixaron no seu lugar de orixe?, ¿por que?

3.2.7^a. ¿En que están investindo os aforros que conseguen en Galicia?

3.2.8^a. ¿Comunícanse cos seus familiares, amigos e veciños do lugar de orixe?, ¿a través de que medio? [É importante coñecer o medio para deducir as posibilidades de usalo como fonte, do mesmo xeito que facemos coas fotos e cartas familiares para a emigración do século XX].

3.3. As condicións de vida na sociedade de acollida.

PREGUNTAS POSIBLES.

3.3.1^a. ¿Melloraron as súas condicións de vida en Galicia respecto ás que tiña no país de orixe?

3.3.2^a. ¿Adaptouse ben a vivir en Galicia ou está tendo problemas?: ¿de que tipo?

3.3.3^a. ¿Preocupase polas condicións sociais e políticas de Galicia?

3.3.4^a. ¿En que asociacións participa?

3.3.5^a. ¿Relaciónase con persoas doutros grupos étnicos no traballo ou no lugar no que vive? [Debemos formulala de xeito que as respostas expliciten a diferenza por xénero no caso de habela].

3.3.6^a. ¿En que lingua falan coas persoas da súa familia e do seu grupo étnico?, ¿e cos seus fillos?

3.3.7^a. ¿Séntense discriminados en Galicia?, ¿por motivos de que tipo: étnicos, culturais, económicos ou sociais?

3.3.8^a. ¿Como entende vostede que pensan e actúan os galegos?.

3.3.9^a. ¿Como cren que os galegos os perciben a Vdes.?

[Estas dúas preguntas deben formularse de xeito que nos permitan analizar o xogo de percepcións e imaxes mutuas do 'outro'].

3.3.10^a. ¿Vde. séntese máis ou menos identificado co seu país de orixe agora que ten a experiencia de convivir con persoas doutra nacionalidade?

3.3.11^a. ¿Vde. está recibindo información e asistencia dos servizos sociais municipais e autonómicos galegos?. [pedirlle que explique cal é a axuda que recibe].

3.4. O asociacionismo inmigrante.

3.4.1. ¿Participa Vde. nalgunha asociación de inmigrantes?

3.4.2. ¿A que persoas está dirixida esa asociación: dun mesmo grupo étnico ou de varios, da mesma orixe xeográfica regional e local?

3.4.3. ¿Qué obxectivos ten esa asociación?

3.4.4. ¿Participando nesa asociación reafirma o seu sentimento nacional de orixe ou identifícase coa sociedade galega na que agora vive?

4. O retorno da inmigración en España.

4.1. Temas posibles a investigar e perspectivas de análise:

- O investimento das remesas: mellora das vivendas, investimentos suntuarios, maquinización das explotacións, establecer pequenos negocios familiares, mercar terras e gandos, vivir de rendas....
- A influencia sociopolítica dos emigrantes e dos retornados nas súas comunidades de orixe.

Pode resultar interesante:

- Facer algún estudo de caso nalgunha aldea ou concello de forte emigración a Galicia e retorno ás comunidades de orixe nos seus países para extraer información máis representativa que os datos sacados dos cuestionarios.
- Comparar os resultados desas respostas e da posible observación nas comunidades de orixe coas achegas de Carlos Ferrás (emigración galega a

México na segunda metade do século XX), de Román Rodríguez (investimento das remesas da emigración nas vilas galegas), coa obra clásica de Raúl Iturra (a influencia da emigración na comunidade rural de orixe), e cos traballos sobre a influencia da emigración a Estados Unidos nas comunidades mexicanas (Vargas García, 2002).

- Coñecer o proxecto de vida que deseñan para os fillos e para as fillas, co obxectivo de poder deducir se reproducen os patróns de comportamento laboral e social por xénero ou si os modifican por influencia da sociedade de destino.

4.2. PREGUNTAS POSIBLES.

4.2.1^a. ¿Pensa retornar Vde. ao seu país?.

4.2.2^a. [En caso de desposta afirmativa á pregunta anterior] ¿Dentro de canto tempo pensa retornar Vde?

4.2.3^a. ¿Onde pensa establecerse: no seu lugar de orixe, nunha vila próxima?, ¿Por que?

4.2.4^a. ¿Está enviando diñeiro para o seu lugar de orixe?

4.2.5^a. ¿Como envía ese diñeiro ao seu país de orixe: a través dun banco ou por outro medio?

4.2.6^a. ¿Que cantidade envía mensual ou anualmente?, ¿a que persoas e para que destino?

4.2.7^a. ¿Cal era o seu salario mensual alá e canto cobra a persoa principal da súa familia alá? [A resposta a esta pregunta permite comparar o valor real das remesas enviadas na sociedade de orixe].

4.2.8^a. ¿Pensa Vde. retornar xubilado, para establecer un negocio ou para vivir das rendas dos aforros acumulados?

4.2.9^a. [En caso de que responda á anterior que pensa establecer un negocio de seu] ¿Que tipo de negocio pensa establecer?

4.2.10^a. ¿Envía diñeiro para algunha obra de interese social no seu lugar de orixe: saneamentos, escolas, etc?

4.2.11^a. ¿Considera que a súa emigración axudou a súa familia: de que xeito?

4.2.12^a. ¿Que actividades laborais lle gustaría que desenvolvesen os seus fillos: as mesmas que Vde. ou outras diferentes?, ¿cales e por que?.

5. A participación das **mulleres no proceso migratorio.**

| | | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|

Fonte: Elaboración propia a partir do testemuño de, inmigrante de orixe, residente en

5.2.3ª. ¿Como se percibe na súa sociedade de orixe o traballo feminino remunerado e fóra do ámbito da casa, da explotación agrogandeira ou do negocio familiar?

5.2.4ª. ¿Esa percepción social do traballo feminino remunerado está en relación coa idade e o estado civil das mulleres?: ¿ven mellor que traballen fóra da casa as mozas solteiras, as mulleres casadas sen fillos, as viúvas...?.

5.2.5ª. [Pregunta para as mulleres emigradas] ¿Está Vde. satisfeita a nivel persoal e profesional co traballo que realiza agora ou estábao máis coas actividades que desenvolvía antes de emigrar?, por qué?.

5.2.6ª. ¿Considera que é mellor para Vde. e para a súa familia a actividade laboral que realiza agora ou as que facía denantes de emigrar?

6. Bibliografía básica de referencia.

1. Sínteses teóricas claras.

SILVESTRE RODRÍGUEZ, J., 2000, "Aproximaciones teóricas a los movimientos migratorios contemporáneos: un estado de la cuestión", *Historia Agraria*, 21, pp. 157-192.

2. Inmigración en España.

MARTÍNEZ VEIGA, U., 1997, *La integración social de los inmigrantes extranjeros en España*, Trotta, Madrid.
- 2000, "Teorías sobre las migraciones", *Migraciones y exilios*, 1, pp. 11-26.

3. Sobre redes migratorias.

3.1. Os traballos clásicos da 'literatura de redes' migratorias dos italianos en Argentina e Estados Unidos.

BAILY, S., 1988, "Cadenas migratorias de italianos a la Argentina: algunos comentarios", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 3, nº 8, pp. 125-136.
- 1998, "<<Hacer a América>>: los italianos ganan dinero en New York y Buenos Aires, 1880-1914", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 13, nº 38, pp. 57-68.

RAMELLA, F., 1991, "Movilidad geográfica y movilidad social. Notas sobre la emigración rural de la Italia del Noroeste (1880-1914)", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 6, 17, pp. 107-118.

- 1995, "Por un uso fuerte del concepto de red en los estudios migratorios", en H. Otero e M. Berg, comps., *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*, Tandil, IEHS-CEMLA, pp. 9-21 (todos os artigos deste libro son de interese, aínda que caen na redoloxía típica dos estudos migratorios argentinos).

- 1998, "Redes sociales y mercado de trabajo en un caso de emigración. Los obreros italianos y los otros en Paterson, New Jersey", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 13, 39, pp. 331-372.

3.2. Outras achegas relevantes.

CEVA, M., 1991, "movilidad social y movilidad espacial en tres grupos de inmigrantes durante el período de entreguerras. Un análisis a partir de los archivos de fábrica", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 6, 19, pp. 345-361.

- 1995, "Las imágenes de las redes sociales de los inmigrantes desde los archivos de fábrica. Una comparación de dos casos: Flandria y Alpargatas", en M. Bjerg e H. Otero, comps., 1995, *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*, CEMLA-IEHS, Bos Aires, pp. 203-219.

DA ORDEN, M^a. L., 2000, "Cadena migratoria, familia y pautas de residencia: una nueva mirada a una vieja cuestión. Mar de Plata, 1910-1930", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 15, n^o 45, pp. 397-418.

- 2005, *Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina moderna. Una mirada desde Mar del Plata (1890-1930)*, Editorial Biblos, Buenos Aires.

3.3. Redes familiares, proxectos migratorios e roles femininos.

BOTT, E., 1990, *Familia y red social. Roles, normas y relaciones externas en las familias urbanas corrientes*, Taurus, Madrid.

CONTRERAS, J., 1991, "Los grupos domésticos: estrategias de producción y reproducción" en J. Prat et alii, eds., *Antropología de los pueblos de España*, Taurus Universitaria, Madrid, pp. 343-380.

- 1997, "Estrategias de producción y reproducción", en Breton Solo et alii, coords. y otros, *La agricultura familiar en España. Estrategias adaptativas y políticas agropecuarias*, Lleida, pp. 17-43.

4. Sobre emigración peninsular no século XX.

4.1. Emigración feminina interna e externa en España.

BORDERÍAS, C., 1991, "Proyectos, estrategias familiares y trayectorias sociales femeninas", en J. Prat et alii, eds., *Antropología de los pueblos de España*, Taurus Universitaria, Madrid, pp. 475-484.

4.2. Emigrantes galegos: para comparar proxectos e itinerarios migratorios.

FERRÁS SEXTO, C., 2000, "Desde Avión para Jalisco. Historia y perfil socioeconómico de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del s. XX", en P. Caglio Vila, ed. *Galicia nos contextos históricos. SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, Santiago de Compostela, U.S.C., vol. 11, pp. 381-394.

RODRIGUEZ GALDO, M^a. X., 2002, "Cruzando el Atlántico, ¿solas o en familia?. Migrantes españolas en las listas de pasajeros argentinos (1882-1926)", *Historia Social*, 42, pp. 59-79.

- e FREIRE ESPARÍS, M^a. P. e PRADA CASTRO, A., 1999, "Mujeres que emigran, mujeres que permanecen. Contribución a un estudio de la relación entre mujeres, economía campesina y emigración. Galicia, 1880-1930", *Arenal. Revista de Historia de las mujeres*, volume 6, nº 2, 7/12-1999, pp. 265-294.

4.3. Emigración española a Europa na segunda metade do século XX.

BABIANO J., e FARRÉ, S., 2002, "La emigración española a Europa durante los años sesenta: Francia y Suiza como países de acogida", *Historia Social*, 42, pp. 81-98.

- e FERNÁNDEZ ASPERILLA, A., 2003, "En manos de los tratantes de seres humanos (notas sobre la emigración irregular durante el Franquismo)", *Historia Contemporánea*, 26, pp. 35-56.

4.4 Emigración portuguesa na segunda metade do século XX: proxectos migratorios, retorno e consecuencias familiares e microsociais.

BRETTELL, C. B., 1991, *Homens que partem, mulheres que esperam. Consequências da emigração numa freguesia minhota*, Lisboa, Dom Quixote.

O'NEILL, B. J., 1984, *Proprietarios, lavradores e jornaleiras. Desigualdade social num Aldeia Trasmontana, 1870-1978*, Publicações Dom Quixote, Lisboa.

[útil, sobre todo, para unha posible comparación entre as sociedades rurais de orixe de marroquíes e romaneses coa dos emigrantes portugueses da segunda metade do século pasado].

4.5. O investimento das remesas e os retornados da emigración na segunda metade do século XX.

A) Para os galegos.

ITURRA, R. 1988, *Antropología económica de la Galicia rural*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R., 1998, "A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas", *Estudios Migratorios*, 5, pp. 29-52.

- 2001, "Os investimentos do retorno como factor de dinamización socioeconómica na Galicia dos últimos anos", *Estudios Migratorios*, 11-12, (Actas co simposio *Perspectivas sobre a emigración de retorno en Galicia e España*, coordinado por Xosé Manoel Núñez Seixas), pp. 95-121, pp. 255-278.

B) Para os mexicanos.

VARGAS GARCÍA, M. A., 2002, "Comunicación epistolar entre trabajadores migrantes y sus familias" en A. Castillo, coord., *La conquista del alfabeto. Escritura y clases populares*, Trea, Oviedo, pp. 247-263.

4.6. A creación dunha identidade étnica polo colectivo inmigrante.

A) Galegos en Salvador de Baía (Brasil).

BACELAR, J., 1994, *Galegos no paradiso racial*, Iabamá, Salvador de Bahia (Brasil).

B) Galegos en Arxentina na primeira metade do século XX.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M., 2002, *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Servicio de Publicacións da U.S.C., Santiago de Compostela.

- 2003, "Liderazgo étnico en comunidades emigrantes: algunas reflexiones", en N. Sánchez Albornoz e Moisés Llordén, comps., *Migraciones iberoamericanas. Reflexiones sobre economía, política y sociedad*, Fundación Archivo de Indianos, Colombres, pp. 347-388.

- 2003b, "El competidor imaginario. Los inmigrantes italianos según la colectividad española de la Argentina (1900-1940)", *Spagna Contemporánea*, 23, pp. 19-57.

6. ANEXOS: Fichas de campo para recoller as informacións orais das persoas entrevistadas.

| Cadro 1: Composición da unidade familiar do emigrante ¹ | | | | | | | |
|--|-----|------------------|-----|-----|-------------------|--------|-------|
| Primeira xeración | | Segunda xeración | | | Terceira xeración | | |
| | AVÓ | AVOA | PAI | NAI | TÍOS | IRMÁNS | IRMÁS |
| Idade | | | | | | | |
| Profesión | | | | | | | |
| Emigrou: indica o destino e datas | | | | | | | |
| Nivel de estudos | | | | | | | |
| Actividades laborais ² | | | | | | | |
| Nº fillos | | | | | | | |

FONTE:

OBSERVACIÓNS: 1) Anótese só ás persoas corresidentes no mesmo fogar/casa e que participen na xestión da mesma explotación ou negocio.

2) Especificar a pluriactividade que desenvolvan, para detectar se o traballo na explotación ou no negocio familiar era a actividade principal dos membros desa familia ou secundaria para eles e complementaria na xestión desa explotación.

Cadro 2: Cultura migratoria e rede microsocioal a escala familiar: os ...[apelidos e datos de localización e situación desta familia]

| Datos persoais dos emigrantes anteriores | | | Datos do seu proxecto migratorio | | | | Datos do retorno | | |
|--|-------------------|----------------------|----------------------------------|-------|------------------------------|----------------------------------|------------------|----------------------------------|---------------|
| Nome e apelidos | Relación familiar | Profesión ou oficios | Destino | Datas | Estado civil (cando emigrou) | Actividades laborais que exerceu | Residencia | Actividades laborais ou negocios | Investimentos |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

Fonte: Elaboración propia a partir da entrevista en profundidade realizada a por en a Nota: AvP significa avó paterno, TP tío paterno etc (completar ben isto coas siglas que se decidan).

Cadro 3: Características e recursos da explotación familiar do emigrante

| Recursos | | Propiedade ¹ | | | Producción: cultivos | Destino | |
|-------------------------|-----------|-------------------------------|-----------|----------|----------------------|-------------|---------|
| | | Propia | Arrendada | Parcería | | Autoconsumo | Mercado |
| Propiedades inmobles | Edificios | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | Negocios | | | | | | |
| | | | | | | | |
| Terra | Labradío | Secano | | | | | |
| | | Regadío | | | | | |
| | Monte | Alto: explotación Forestal | | | | | |
| | | Baixo: pasto | | | | | |
| | Viñedo | | | | | | |
| | Outros | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| Gando ² | Tipo | Cantidade | | | | | |
| | Vacún | | | | | | |

| | | | | | | | |
|----------------------|--|--|--|--|--|--|--|
| Man de obra familiar | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

FONTE ou informante:

OBSERVACIÓNS:

- 1) Especificar se a terra traballada é propiedade da familia ou a explotan en réxime de arrendo ou de parcería, indicando a forma de pago (especie, diñeiro ou prestación de traballo) e a cantidade.
- 2) Indicar o número de cabezas de cada tipo de gando especificado e recóllanse doutros que teñan nas tres últimas filas en branco dese campo.

Cadro 4: Posición e actividades das mulleres na familia de referencia do emigrante

| Posición relativa na familia | E. Civil | Idade | Actividades económicas | | | | | | | Vacacións | | Autonomía feminina na familia | | | |
|------------------------------|----------|-------|------------------------------------|-----------------|------|-----------------|-------------------|-------------------------|--------------------|-----------|--------------------|-------------------------------|----------------|-----------|----------------------|
| | | | Na explotación ou negocio familiar | | | Fóra da familia | | | | Dura-ción | Lugar de beneficio | Toma decisións | Conta bancaria | Usa coche | Leva a contabilidade |
| | | | Tipo de actividade | Horas dedicadas | Pago | Acti-vidade | Horas de traballo | Formación para a tarefa | Destino do salario | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | |

Fonte:

Cadro 5.2.1ª: A situación laboral das mulleres da familia na sociedade de orixe

| Nome da muller | Posición relativa na familia | Idade | E.C. | Actividades laborais realizadas | | | | | |
|----------------|------------------------------|-------|------|---------------------------------|----------------------|------------------|---------------|----------------------|------------------|
| | | | | Na sociedade de orixe | | | Na de destino | | |
| | | | | Actividade | Lugar de realización | Salario recibido | Actividade | Lugar de realización | Salario recibido |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

Fonte: Elaboración propia a partir do testemuño de, inmigrante de orixe, residente en